



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña

Vista a Resolución de concesión onde se aproba a concesión definitiva para a contratación dun Traballador Forestal, no procedemento TR351G: SUBVENCIONES PARA O DESENVOLVEMENTO DO MEDIO RURAL (APROL RURAL), que obedece á convocatoria do 12 de abril de 2021 onde se establecen as bases que regulan as axudas e subvencions para o fomento de emprego no medio rural, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO

PRIMEIRA- Aprobar as Bases para a contratación de persoal laboral temporal, dun Traballador Forestal contidas no Anexo I deste Decreto.

SEGUNDA- Publicar as Bases recollidas no Anexo I do presente Decreto, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Negreira (www.concellodenegreira.gal)

TERCEIRA- Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

En Negreira a 8 de xullo de 2021.



Anexo I.-

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE PERSONAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2021. PROGRAMA APROL RURAL 2021

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal de persoal para a execución de obras e servizos mínimos municipais para o seguinte posto:

- 1 Traballador Forestal

Esta contratación encadrase no Programa Aprol Rural para a execución de obras e servizos mínimos municipais. Estas medidas están dirixidas a fomentar a creación de emprego de calidade e tamén para incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo no marco da Estratexia Europea para o Emprego, do Programa Nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

A finalidade deste programa e a realización de determinadas obras e servizos todas elas en materia de obras municipais. As actuacións a desenvolver por dito programa serían;

1. Recuperación ambiental de espazos degradados para uso público e que a día de hoxe se empregan como vertedoiros incontrolados.
2. Limpeza de espazos públicos.
3. Recollida de lixo sobre todo nas beiras dos ríos, así como a limpeza desta contorna.
4. Amaño de zonas onde persisten mátollos.
5. Traballos rutineiros para a conservación e o coidado da vexetación.
6. Amaño de camiños forestais para mellorar os accesos e optimizar a prevención de incendios forestais.
7. Plantación de árbores e plantas en determinados parques públicos, e zonas ambientais para mellorar a calidade do aire, para axudar a limpar os ríos así como para rexenerar os nutrientes do solo.
8. Mellorar a paisaxe natural e ambiental.
9. Reciclaxe de vertidos que se vaian a tratar.
10. Colaboración coa brigada de obras e de xardinería para axudar en determinadas obras ou traballos que teñan que ver coa mellora ambiental e forestal do Concello.

2.- PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN



A duración do contrato laboral será de 9 meses, cunha xornada laboral a tempo completo. O prazo límite de inicio do dito contrato será o 21 de xullo de 2021.

3.- PUBLICIDADE

O Concello de Negreira acudirá ó Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a formulación da pertinente oferta xenérica de emprego. Procederáse á valoración das persoas preseleccionadas polo devandito Servizo, tal e como se sinala nas presentes bases no seu Artigo 14. *Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras.*

A publicidade dos aspirantes farase no taboleiro de anuncios do Concello tras a notificación que ditos aspirantes recibiran da Oficina de Emprego Santiago Norte, onde se citarán para a realización dun exame(fase oposición) no Concello de Negreira (Rúa do Carmen N°3, 1ª planta) para completar a valoración dos preseleccionados.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

A.- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto a continuación. Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario, en igualdade de condicións que os españois aos empregos públicos, con excepción de aqueles que directamente ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que ten por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas. Estas previsións serán aplicables, calquera que sexa a súa nacionalidade, ao cónxuxe dos españois ou dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e a os seus descendentes e aos do seu cónxuxe que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes. Estenderase igualmente as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Os estranxeiros aos que se refire o apartado anterior e con residencia legal en España poderán acceder como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

B.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

C. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de se-lo caso da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

D.- Non ter sido separado/ a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para exercer as funcións propias do posto. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

E.- Estar inscrito/a en Emprego Galicia como demandante de Emprego.

F.- Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2020 pola Consellería de Economía, Emprego



e Industria agora denominada Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, **NON PODERÁN SER CONTRATADOS** con cargo ás axudas previstas nesta orde.

G.- Estar en posesión da titulación de técnico en aproveitamento e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente da familia profesional agraria.

H.- Cumprir como demandante de emprego algunha das situacións recollidas no artigo 14 das bases publicadas no DOG N°73, do martes 20 de abril de 2021 mediante a Orde do 12 de Abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural 2021) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2021. Terán preferencia, en todo caso, tal e como sinala o punto 5 do artigo 14 da devandita orde, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se for o caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Todos os requisitos anteriores deberán terse en conta no proceso selectivo. E serán verificados antes da contratación por parte do tribunal de selección encargado.

5.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Para formar parte na preselección as persoas interesadas deberán estar inscritas no Servizo Público de Emprego como demandantes de emprego, e anotarse antes do cruzamento da oferta no mesmo organismo, na ocupación solicitada; “Traballador forestal”. Unha vez remitidos as persoas candidatas polo Servizo Público de Emprego, este organismo (ou por delegación o Concello) comunicarlle aos candidatos/as preseleccionados o día e a hora de presentación no Concello para a realización da proba escrita.



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

6.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES.-

A relación de admitidos e excluídos provisionais e definitivos publicarase no Taboleiro de Edictos da Casa Consistorial, así como a puntuación obtida segundo o establecido na convocatoria publicada.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN:

Unha vez comprobados os requisitos de cada aspirante, e tras a elaboración da listaxe de admitidos definitivos no proceso, citaranse ós candidatos para unha proba escrita.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

As persoas candidatas preseleccionados/as pola Oficina de emprego Santiago-Norte, serán citados polo Concello para a realización da proba escrita, coa data e hora sinalada no proceso. Ese mesmo día entregarán a documentación baremable no proceso, tal e como se especifica a continuación:

-FASE DE OPOSICIÓN: (Máx. 12 puntos)

A fase de oposición será previa á do concurso. Consistirá na realización dunha proba teórica escrita coa seguinte temática acordada coa praza.

Esta fase consistirá na realización dun exame tipo test de 24 preguntas, con resposta única e cunha puntuación máxima total acadable será de 12 puntos.

O temario desta proba serán aspectos básicos do posto de Traballador Forestal, tendo en conta o servizo que se prestará con esta contratación, serían as relativas a ;

O Concello de Negreira, o seu termo municipal (lugares, parroquias, vías de comunicación...), os seus servizos, infraestruturas, equipamentos, edificios e instalacións, maquinaria, vehículos, ferramentas e demais medios dos que dispón, coñecemento do mantemento e manexo da maquinaria de uso manual de obras municipais (ferramentas, corta céspede, desbrozadora ...); Normas de seguridade e saúde laboral (Prevención de riscos). Limpeza pública. Tipos de traballos a realizar polos operarios do Servizo de xardinaría. Organización do servizo de xardinaría e servizo de brigadas forestais. Nocións xerais sobre a retirada de residuos. Coñecementos de limpeza e adecentamentos forestais, organización do traballo e nocións básicas de limpeza e desbroce municipal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.



Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

-FASE DE CONCURSO.(Máx. 8 puntos)

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superalo exercicio da fase de oposición. Esta fase de concurso puntuará 8 puntos como máximo da puntuación total.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

Só aos aspirantes que asistan a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados, esta fase valorarase tal e como procede:

A. FORMACIÓN. (Máximo 3 puntos)

Valorarase a formación complementaria relacionada co posto, ou coas funcións a desenvolver no mesmo da seguinte maneira tal e como se recolle no seguinte apartado:

- a) De 21 ata 50 horas: 0,20 puntos.
- b) De 51 ata 100 horas: 0,40 puntos.
- c) De 101 a 300 horas: 0,60 puntos.
- d) De 301 horas en diante: 1 punto.
- e) No caso de posuír permiso de conducir B, valorarase a razón de 0.40 puntos.
- f) No caso de posuír o título de galego celga, valorarase como procede(só se puntuará o de nivel superior):
 - CELGA 2 ou equivalente: 0,25 puntos
 - CELGA 3 ou equivalente: 0,50 puntos
 - CELGA 4 ou equivalente: 0.75 puntos

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 20 horas descartaranse da puntuación. A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 1 punto.

O Tribunal non poderá estimar o non alegado nin probado polos aspirantes. Non serán valorados seminarios, xornadas, encontros, ponencias ou análogos nin os documentos expedidos por academias privadas.

B.EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máximo 3 puntos)

- Pola experiencia profesional ao posto ó que se presente, valorarase ata un máximo de 3 puntos, a razón de 0.20 puntos por períodos de 30 días completos sempre e cando o posto sexa de igual ou superior categoría profesional desempeñada, valorarase a razón de 0.10 puntos por mes completo



os traballos relacionados co posto de igual ou superior categoría profesional. Para a súa acreditación deberá xustificarse:

- ✓ Traballo por conta allea: Contratos de traballo e vida laboral, ou certificados de empresa sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas traballadas.
- ✓ Traballadores autónomos: Alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima da obrigaón de cotizar.
- ✓ Traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

C. ENTREVISTA PERSOAL (Máximo 2 puntos)

En esta fase terase en conta, a aptitude para o posto, a adecuación ó mesmo e tamén será preciso para comprobar o interese do candidato ó posto, e a dispoñibilidade para a súa ocupación

8.-COMPOSICIÓN DE TRIBUNAL

De conformidade co RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal estará composto polos seguintes membros: Os tribunais, contarán cun Presidente (Patricia Barreiro Casal, Administrativa do Concello de Negreira), como Secretaria (Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira) e como vogais (Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira, Álvaro Lira Gorgal, Técnico de cultura do Concello de Negreira e Paz Teijelo Mancebo, administrativa do Concello de Negreira)

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

Os membros do tribunal terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou no suposto previsto no artigo 13.2 do Real Decreto 364/95, de 10 de marzo, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente poderá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base. Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, o tribunal terá a súa sede na Casa Consistorial do Concello de Negreira.

O tribunal disporá que nesta sede, ao menos unha persoa, membro ou non do tribunal, atenda cantas cuestións xurdan en relación con estas probas selectivas. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Os integrantes do tribunal terán dereito ó abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal quedará facultado para resolver todo tipo de dúbidas que se poidan suscitar durante o desenvolvemento das probas.

9.- PUNTUACIÓN FINAL

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan as maiores puntuacións; na suma da fase de concurso e oposición.

Rematada a selección, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello a relación dos candidatos preseleccionados que obteñen a máxima puntuación no proceso.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará á Alcaldía a proposta de contratación dos/das aspirantes que obteñan as maiores puntuacións. Rematada a selección, o Tribunal formará a redacción de seleccionados pola orde de puntuación final obtida, non podendo exceder estes o número de postos convocados, e a fará pública no Taboleiro de anuncios do Concello. Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados, tras a verificación por parte da Deputación Provincial das mencionadas condicións establecidas como requisitos do programa. Mentres non se formalice o contrato, os aspirante propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha. Establecese un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

No caso de que algunha praza quedara vacante por baixa voluntaria ou por non superar o período de proba, pasará a formalizar contrato o seguinte candidato da lista con máis puntuación.

No non previsto nas presentes bases, será de aplicación, o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

11.- RECURSOS

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimanen destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, con sede na Rúa do Carme nº3, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaria solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei”.

Negreira, a 8 de xullo de 2021.

Manuel Ángel Leis Míguez

O Alcalde